



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

##### Anuncio

**Resolución do 30 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se outorgan á empresa Barras Eléctricas Galaico-Asturianas SA (BEGASA) as autorizacións administrativas previa e de construción para a infraestrutura eléctrica denominada Ampliación do parque de 132 kV da subestación San Cibrao 132/20 kV con dúas novas posicións de liña, no termo municipal de Lugo (expediente: IN407A 2018/8633 AT).**

##### FEITOS

**Primeiro.-** O 25/11/2009 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas ditou resolución pola que se validou a Resolución do 03/09/2008, da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Innovación e Industria, pola que se autorizou e se aprobou o proxecto de execución da subestación San Cibrao 132/20 kV, no termo municipal de Lugo (expediente IN407A 07/287-2, 7104 AT), promovido pola empresa Barras Eléctricas Galaico-Asturianas SA (BEGASA) e que presenta as seguintes características técnicas:

- Sistema de 132 kV de intemperie de simple barra, con dúas posicións de liña e dúas posicións de transformador de potencia, ademais dos transformadores de medida de barras. A aparelaxe está composta por equipamentos convencionais e equipamentos compactos con illamento SF<sub>6</sub>.
- Sistema de 20 kV situado en celas de interior, con configuración de simple barra partida, con doce posicións de liña, dúas posicións de transformador, dúas posicións de servizos auxiliares, dúas posicións de medida de barras e dúas para a partición e remonte de barras.
- O conxunto de transformación estará formado por un transformador de 132/20 kV de 40 MVA instalado en intemperie.

**Segundo.-** O 23/05/2018 a empresa BEGASA presentou a solicitude de autorizacións administrativas previa e de construción para a infraestrutura eléctrica denominada "Ampliación do parque de 132 kV da subestación San Cibrao 132/20 kV con dúas novas posicións de liña", acompañada do proxecto de execución.

Segundo consta no proxecto de execución, a infraestrutura eléctrica proxectada consiste na ampliación da subestación San Cibrao 132/20 kV con dúas posicións de liña de 132 kV, co fin de posibilitar a súa conexión coa nova subestación Ludrio, incrementando desta forma o mallado do sistema eléctrico da zona. Esta ampliación ten as seguintes características:

- O sistema de 132 kV con configuración de simple barra, formada por equipos convencionais e equipos compactos con illamento en SF<sub>6</sub>, instalados en intemperie, amplíase con dúas posicións de liña compostas por seis transformadores de tensión indutivos, seis autoválvulas, doce illadores, soporte de apoio de barras de tipo columna (seis para as barras principais e seis para as barras auxiliares), tres terminais de exterior ríxidos de composite para a transición aéreo-subterráneo da L/Ludrio 2, e un equipo híbrido de intemperie que incorpora dous interruptores automáticos, seis transformadores de intensidade e tres seccionadores con posta a terra.
- Na sala de control do edificio existente na instalación, engadirase un novo armario (P3) para o control e protección das novas posicións de liña de 132 kV.
- Instalación de dous novos contadores para a medida das novas posicións de liña, no armario de medida M2.
- Instalación de dous convertedores para a comunicación das novas proteccións diferenciais de liña coas homólogas na subestación de Ludrio.

**Terceiro.-** O 02/08/2018 a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria (en adiante, xefatura territorial) informou favorablemente o proxecto de execución da devandita infraestrutura eléctrica.

**Cuarto.-** O 10/09/2018 a xefatura territorial ditou resolución pola que se someteu a información pública a solicitude de autorizacións administrativas previa e de construción para a devandita infraestrutura eléctrica, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 24/09/2018.

Durante o período en que a devandita solicitude se someteu ao trámite de información pública non se presentaron alegacións.

**Quinto.-** O 21/01/2019 a empresa Viesgo Distribución Eléctrica SL presentou un escrito no que manifesta, en relación co proxecto de execución da devandita infraestrutura eléctrica, a súa conformidade co mesmo en canto ás normas particulares desa empresa e da regulamentación vixente.

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

**Primeira.-** A Dirección Xeral de Enerxía e Minas é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de industria, enerxía e minas; no Decreto 132/1982, do 4 de novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio; no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; en relación coa Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; coa Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia; co Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas; e coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Segunda.-** No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro; na Lei 5/2017, do 19 de outubro; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro; e na Resolución do 19/02/2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción.

De conformidade co que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas,

#### **RESOLVO**

▪ **Outorgar á empresa Barras Eléctricas Galaico-asturianas SA (BEGASA) as autorizacións administrativas previa e de construción para a infraestrutura eléctrica denominada “Ampliación do parque de 132 kV da Subestación San Cibrao 132/20 kV con dúas novas posicións de liña”, no termo municipal de Lugo (expediente: IN407A 2018/8633 AT).**

Todo isto con suxeición ás seguintes condicións:

**Primeira.-** As instalacións de distribución de enerxía eléctrica que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto presentado pola empresa promotora, BEGASA, titulado “Ampliación do parque de 132 kV da subestación San Cibrao 132/20 kV con dúas novas posicións de liña”, asinado polo enxeñeiro industrial José María Garayo Rodríguez (colexiado nº 13.411 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Madrid) e visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia co nº 20181124 e data 25/04/2018, e no que figura un orzamento total de 770.870,67 €.

**Segunda.-** A empresa promotora asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira.-** En todo momento deberase cumprir canto establece o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, así como demais normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

**Cuarta.-** Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa da Dirección Xeral de Enerxía e Minas; non obstante, a xefatura territorial poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar á dita dirección xeral todas as resolucións que dite en aplicación da citada facultade.

**Quinta.-** O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución. Unha vez construídas as instalacións autorizadas, a empresa promotora deberá presentar a solicitude de posta en servizo ante a xefatura territorial, quen deberá estendela tras as comprobacións técnicas que considere oportunas.

**Sexta.-** A Administración reserva para si o dereito a deixar sen efecto esta autorización por incumprimento das condicións estipuladas, pola facilitación de datos inexactos ou por calquera outra causa legal ou regulamentaria que así o prevea.

**Sétima.-** Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces

R. 0416

### *Anuncio*

**Resolución do 30 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se outorgan á empresa Barras Eléctricas Galaico-Asturianas SA (BEGASA) as autorizacións administrativas previa e de construción para a infraestrutura eléctrica denominada Ampliación subestación Ludrio 132 kV con dúas novas posicións de liña, no termo municipal de Castro de Rei (expediente: IN407A 2018/8632 AT).**

#### **FEITOS**

**Primeiro.-** O 17/07/2012 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas ditou resolución pola que se autorizou administrativamente e se aprobou o proxecto de execución da nova subestación de Ludrio 400/132/20 kV, no termo municipal de Castro de Rei (Lugo), na parte que se refire ás instalacións de distribución de enerxía eléctrica (expediente IN407A 16/2011 AT), promovido pola empresa E.On Distribución SL (actualmente, Viesgo Distribución Eléctrica SL) e que presenta as seguintes características técnicas:

- Dous autotransformadores, 400/132 kV, de 450 MVA de potencia cada un e aparelaxe asociada.
- Sistema de 132 kV (con dous transformadores 132/20 kV, de 50 MVA de potencia cada un) en parque intemperie, formado por equipamentos convencionais.
- Sistema de 20 kV con tipoloxía de simple barra partida, situado en interior de edificio en celas compactas de illamento SF<sub>6</sub> (doce de liña, dúas de transformador, dúas de medida en barras, dúas de servizos auxiliares e dúas para a partición e remonte).

**Segundo.-** O 23/05/2018 a empresa BEGASA presentou a solicitude de autorizacións administrativas previa e de construción para a infraestrutura eléctrica denominada “Ampliación subestación Ludrio 132 kV: dúas posicións de liña”, acompañada do proxecto de execución.

Segundo consta no proxecto de execución, a infraestrutura eléctrica proxectada consiste na ampliación da subestación Ludrio con dúas posicións de liña de 132 kV, co fin de mellorar a interconexión entre os sistemas eléctricos de 132 kV de Galicia, dotando á rede dun maior grao de mallado. Esta ampliación ten as seguintes características:

- O sistema de 132 kV con configuración de dobre barra partida, formada por equipos convencionais instalados en intemperie amplíase con dúas posicións de liña compostas cada unha por dous seccionadores tripolares de illamento de barras, un interruptor de potencia tripolar, tres transformadores de intensidade, un seccionador tripolar de liña con cuchillas de posta a terra, tres pararraios de protección e un transformador de tensión de liña indutivo.
- Instalación dun armario de protección e control e dous contadores para a medida das novas posicións de liña de 132 kV.
- Para as comunicacións da función diferencial entre os extremos das novas liñas, instalaranse dous equipos no armario de comunicacións existente, conectando estes equipos a través de fibra óptica coa protección de cada nova liña.

**Terceiro.-** O 02/08/2018 a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria (en adiante, xefatura territorial) informou favorablemente o proxecto de execución da devandita infraestrutura eléctrica.

**Cuarto.-** O 10/09/2018 a xefatura territorial ditou resolución pola que se someteu a información pública a solicitude de autorizacións administrativas previa e de construción para a devandita infraestrutura eléctrica, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 24/09/2018.

Durante o período en que a devandita solicitude se someteu ao trámite de información pública non se presentaron alegacións.

**Quinto.-** O 21/01/2019 a empresa Viesgo Distribución Eléctrica SL presentou un escrito no que manifesta, en relación co proxecto de execución da devandita infraestrutura eléctrica, a súa conformidade co mesmo en canto ás normas particulares desa empresa e da regulamentación vixente.

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

**Primeira.-** A Dirección Xeral de Enerxía e Minas é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de industria, enerxía e minas; no Decreto 132/1982, do 4 de novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio; no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; en relación coa Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; coa Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia; co Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas; e coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Segunda.-** No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro; na Lei 5/2017, do 19 de outubro; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro; e na Resolución do 19/02/2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción.

De conformidade co que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas,

#### **RESOLVO**

▪ **Outorgar á empresa Barras Eléctricas Galaico-asturianas SA (BEGASA) as autorizacións administrativas previa e de construción para a infraestrutura eléctrica denominada “Ampliación subestación Ludrio 132 kV: dúas novas posicións de liña”, no termo municipal de Castro de Rei (expediente: IN407A 2018/8632 AT).**

Todo isto con suxeición ás seguintes condicións:

**Primeira.-** As instalacións de distribución de enerxía eléctrica que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto presentado pola empresa promotora, BEGASA, titulado “Ampliación subestación Ludrio 132 kV: dúas novas posicións de liña”, asinado polo enxeñeiro industrial Damián Alonso Salas (colexiado nº 1.489 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Cantabria) e visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia co nº 20181012 e data 17/04/2018, e no que figura un orzamento de execución material de 700.197,88 €.

**Segunda.-** A empresa promotora asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira.-** En todo momento deberase cumprir canto establece o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, así como demais normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

**Cuarta.-** Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa da Dirección Xeral de Enerxía e Minas; non obstante, a xefatura territorial poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar á dita dirección xeral todas as resolucións que dite en aplicación da citada facultade.

**Quinta.-** O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución. Unha vez construídas as instalacións autorizadas, a empresa promotora deberá presentar a solicitude de posta en servizo ante a xefatura territorial, quen deberá estendela tras as comprobacións técnicas que considere oportunas.

**Sexta.-** A Administración reserva para si o dereito a deixar sen efecto esta autorización por incumprimento das condicións estipuladas, pola facilitación de datos inexactos ou por calquera outra causa legal ou regulamentaria que así o prevea.

**Sétima.-** Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015,

do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces

R. 0417

---

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

### *Anuncio*

Andrés Moirón García solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63558.

As obras solicitadas consisten na construción dun garaxe no predio situado na parcela 1332 do polígono 5 do catastro, na zona de policía do río Baos e dun rego innominado, no lugar de Soutelo, na parroquia de Santa María, no concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de  **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 05 de febreiro de 2019.-A xefa do servizo territorial,Rocío Carreira Carral.

R. 0418

---

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

NORVENTO, S.L. solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63617.

As obras solicitadas consisten na construción de parte do vial principal do “Parque Eólico de Carracedo”; na zona de policía de leitos do rego de Carracedo, no lugar dos Montes de Carracedo, na parroquia de Bretoña; no concello da Pastoriza (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de  **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello da Pastoriza ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 04 de febreiro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0464

---

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

NORVENTO, S.L. solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63712.

As obras solicitadas consisten na construción de parte dos viais do “Parque Eólico A Pastoriza” que se atopan na zona de policía de leitos do rego de Carracedo e do rego de Carballiño; nas parroquias de Bretoña (concello da Pastoriza), Santa María Maior (concello de Mondoñedo) e Santa Marta de Meilán (concello de Riotorto).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de  **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo, no Concello de Riotorto ou no Concello de Pastoriza, ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 11 de febrero de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral .

R. 0465

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.  
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

**Resolución de 21 de decembro de 2018 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro. (expediente IN407A 2017/49-2-8521-AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: BEGASA

- Domicilio social: parque empresarial As Gándaras, r/ Aller Ulloa, Ramón María, 9, 27003 Lugo

- Denominación: soterramento da LMT Aluminio entre CT 786 Area Elevador e CT 10418 Area Abajo

- Situación: concello de Viveiro

- Características técnicas:

- Liña de media tensión soterrada a 20 kv baixo tubo, cunha lonxitude de 665 m, con orixe no apoio AP-100 da LMT Aluminio-Derivación a CT 786 Area Elevador, condutor tipo RHZ1 240 e final no CT 786 Area Elevador e no CT Area Abajo.
- Desmontaxe da LMT aérea existente, integrada por 1560 m de condutor tipo LA-56, 2 apoios de formigón e 2 apoios metálicos.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real

Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións

técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 21 de decembro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 0062

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO****SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS***Anuncio*

Como complemento do Anuncio da Convocatoria para a provisión definitiva da praza “TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 39 de 15 de febreiro de 2019, faise públicas as Bases que rexeran o procedemento selectivo así como a instancia para participar.

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A UNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO, DENOMINADA: “TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”, CLASIFICADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

**1ª.- OBXECTO.**

É obxecto das presentes Bases Específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas Bases Xerais para acceso a prazas de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo.

**2ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo, xa que este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos, a experiencia e formación complementaria, relacionados co contido funcional da praza.

Ao estar incluída esta praza dentro dun Plan de Consolidación de Emprego temporal, na fase de concurso valorarase a experiencia profesional no desempeño das funcións do posto realizarase só á persoa aspirante que acredite ter a condición de persoal funcionario interino ou de persoal contratado laboral na mesma praza/ posto que se convoca, con anterioridade ao 1 de xaneiro do 2005, e a continuara tendo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, conforme ao previsto na Disposición Transitoria 4ª do Real decreto

Grupo	Clasificación	Nº VAC.	Nº PRAZA/ posto	DENOMINACIÓN	data publicación Bop
A1	Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, con funcións de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	828/1255	TAX - AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	OEP ano 2017 BOP de 30/12/2017 (Nº 298)

Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do EBEP.

**3ª.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS E COMETIDO FUNCIONAL.****3ª.1.- CARACTERIZACIÓN DA PRAZA.**

A devandita praza atópase dotada no Orzamento vixente desta Entidade, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública e daquelas outras disposicións aplicables nesta materia.

**3ª.2.- COMETIDO FUNCIONAL.**

Atendendo ao réxime xurídico desta praza, o seu cometido funcional establécese conforme ao Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; nos artigos 167 a 175 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

En canto ao contido funcional do correspondente posto de traballo, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa. Asemade a persoa ocupante realizará as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

**4ª.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.**

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Legislativo 781/86, de 18 de abril; co artigo 25 da Lei 30/84, de 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), será necesario estar en posesión dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

Nº VAC.	DENOMINACIÓN	TITULOS ACADÉMICOS
1	TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL-AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Graduado/a ou Licenciado/a Universitario/a na rama do coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas (Dereito, Ciencias Empresariais, etc.)</li> <li>• Titulacións de Licenciatura ou Grado Universitario que houberan sido admitidas nas Ordes de convocatoria da Xunta de Galicia para o desempeño das funcións de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.</li> <li>• Titulacións equivalentes.</li> </ul>

**5ª.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO- OPOSICIÓN.**

**5ª.1.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 50 puntos)**

O procedemento de selección, na Fase de Oposición, constará dos seguintes exercicios:

**5ª.1.1.- PRIMEIRO EXERCICIO.**

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

**a)** Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado co apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, que se recolle no Anexo I destas Bases Específicas; sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizalo de sesenta minutos.

**b)** Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, que se recolle no Anexo I destas Bases Específicas; sendo neste caso o tempo máximo para realizar o exercicio sesenta minutos.

**c)** Nun exercicio tipo test sobre os contidos do apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, que se recolle no Anexo I destas Bases Específicas; co número de preguntas que considere o Tribunal, en función do número de temas deste apartado, con tres respostas alternativas en cada pregunta, que abarque a totalidade do programa de materias comúns. O tempo máximo para realizar o exercicio determinarao o Tribunal en función do número de preguntas que conteña o test, sen que poida ser inferior a 40 segundos por pregunta nin superior a 1 minuto 30 segundos por pregunta.

O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

Este exercicio - no caso de que se opte polas modalidades a) ou b)- será lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine podendo asistir á dita lectura as demais persoas aspirantes.

**Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo a puntuación mínima 5 puntos para superar o exercicio.**

**5ª.1.2.- SEGUNDO EXERCICIO.**

Consistirá na exposición por escrito de número de temas, seleccionados por sorteo, igual aos subapartados ou bloques en que se divida o apartado do temario relativo a MATERIAS ESPECÍFICAS, que se recolle no Anexo I destas Bases Específicas.

O sorteo realizarase a razón de un tema por cada subapartado. Nese sentido, o apartado relativo a materias específicas conterá os seguintes subapartados ou bloques:

Grupo A, subgrupo A1	4 subapartados ou bloques
----------------------	---------------------------

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será determinado polo Tribunal en función do número de subapartados dos determinados nas bases da convocatoria, sen que poida ser inferior a 45 minutos por tema nin superior 240 minutos en total.

Este exercicio será lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine, podendo asistir a mencionada lectura as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido dos temas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

**Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superar o exercicio.**

**5ª.1.3.- TERCEIRO EXERCICIO.**

O terceiro exercicio consistirá nunha proba práctica sobre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS, que se recolle no Anexo I destas Bases Específicas; proba que será establecida libremente polo Tribunal e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos de traballo que se convocan.



1. O Tribunal propondrá un exercicio e realizarase no tempo máximo de **180 minutos**.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

**Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.**

#### **5ª.1.4.- CUARTO EJERCICIO. PROBA DE GALEGO.**

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, da Lei do Emprego Público de Galicia, establece: “... para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, de ser o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”.

En cumprimento do sinalado, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de Celga 4 ou estudos equivalentes.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria, e, dado que a súa finalidade é suplir a acreditación do nivel de coñecemento do idioma galego, non se lle atribúe puntuación específica, cualificándose de “apto” ou “non apto”

#### **6ª.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN: FASE DE CONCURSO.**

##### **6ª.1. FASE DE CONCURSO (TOTAL 33 puntos).**

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirante/s que superaran a fase de oposición.

##### **6ª.1.1.- BAREMO DE MÉRITOS**

###### **A) EXPERIENCIA PROFESIONAL.**

En aplicación do previsto na Disposición Transitoria 4ª do EBEP, sobre consolidación de emprego temporal, valorarase a experiencia profesional, como funcionario ou contratado laboral segundo os seguintes criterios ata un máximo de 18 puntos:

a) Por desempeñar a praza/posto de TAX-AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, na Deputación Provincial de Lugo, na condición de funcionario interino ou contratado laboral, valorarase a razón de 0,15 puntos por mes.

b) Polos anos de servizo prestados na Deputación provincial de Lugo nun posto/emprego como Axente de Desenvolvemento Local/Axente de Emprego/Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, valorarase a razón de 0,075 puntos por mes, se fose do mesmo grupo de titulación; e 0,050 se fose dun grupo de titulación inmediato inferior.

A acreditación da experiencia realizarase mediante informe de vida laboral actualizado, que acredita o tempo cotizado e o grupo de cotización; acompañado do contrato laboral ou no seu defecto o recibo de nómina a efectos de acreditar cada un do emprego ou empregos desempeñados.

A experiencia tamén poderá acreditarse mediante certificado oficial de servizos que exprese a praza, posto ou emprego desempeñado/s, así como o tempo de desempeño en cada praza/s, posto/s ou emprego/s, con indicación do réxime de vinculación xurídica en cada un dos supostos antes mencionados. Tamén poderá acreditarse mediante informe de vida laboral actualizado acompañado do documento, ou documento de toma de posesión dos distintas prazas, postos ou empregos desempeñados.

**A puntuación total deste apartado non poderá superar 18 puntos.**

###### **B) ANOS DE DESEMPEÑO DAS FUNCIÓNS DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL /AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL/ AXENTE DE EMPREGO.**

Valorarase os anos de desempeño das funcións de Axente de Desenvolvemento Local/Axente de Emprego/Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, como funcionario ou contratado laboral segundo os seguintes criterios ata un máximo de 5 puntos:

